

INFORMACIÓN PÚBLICA

Instaladas as dúas novas sinais de acceso á Praia do Preguntoiro, financiadas con fondos Feader

Vilagarcía, 15 de outubro de 2016.- A praia do Preguntoiro, en Vilaxoán, galardoada nos últimos anos coa Bandeira Azul da UE, conta xa con dúas novas sinais de acceso, unha na estrada de Cambados a Vilagarcía, na zona do Rial, e outra na avenida de Pablo Picasso, cara a entrada principal do Porto e a avenida de Valle Inclán. O investimento foi posible grazas a un programa da Xunta de Galicia para o apoio ás inversións para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

En concreto, o orzamento das sinais foi de 2.986 euros máis IVE, e a subvención que recibiu o Concello, do 65%, é dicir, 1.941,29 euros. Deste diñeiro, o 75% o asumiu o Feader, o 17,5% Turismo de Galicia, e o 7,5% restante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente.

